



BANDO

Juan Manuel Vidal Seage

Alcalde do Concello de Pontecesures

fai saber:

Que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia publicou no DOG nº 246 de data 28/12/2015, a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se abre o prazo para solicitar a participación para **actuacións de rehabilitacións de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago**, no marco do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas 2013-2016.

Por tal motivo e dado que **este concello atópase na área de rehabilitación integral (ARI) dos Camiños de Santiago**, o vindeiro día 6 de xuño, ás 17.00 horas, celebrarase **unha charla informativa no Salón de Sesiões da Casa do Concello** impartida por un técnico do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

En consecuencia, **convócase a todos/as os/as veciños/as interesados/as** en asistir á devandita charla na que se **informará aos asistentes sobre o ámbito e os requisitos das actuacións, as actuacións subvencionables, as persoas que poden ser beneficiarias das axudas, o procedemento e prazos para presentar as solicitudes e a contía máxima das axudas.**

Pontecesures, 1 de xuño de 2016



Juan Manuel Vidal Seage